



Prórroga de presentación do Impuesto sobre Sucesions como consecuencia da declaracion do estado de alarma

Expediente: L.4.Q/2121/20

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2020

Sra. [REDACTED]:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do seu escrito referente a tramitación sucesiones

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente indicábanos, que: A súa nai faleceu o 12-11-19, e se encontraban no proceso de tramite de sucesions, cando xurdiu o estado de alarma o día 14-03-2020. O día 14-04-2020 diante da posibilidade de que o estado de alarma continuase, dirixiuse a Axencia Tributaria (ATRIGA) (5 meses e 2 días despois do falecemento y tras 1 mes do estado de alarma), para solicitar una prórroga pra realizar ditos trámites. Un par de días despois, recibe unha chamada dunha funcionaria, que lle indica que "cheguou" tarde porque as prórrogas pidense nos 5 primeiros meses y eso non se modificou durante esta situación. A esta información engadelle "que pode consultar diariamente un enlace que lle dita telefónicamente para ver si hay cambios nese senso". Ante a súa petición de que lle responde por escrito, recibe un correo "con todo o articulado da ley" no que aprecia unha falla de empatía y de búsqueda de solucións indiscutible.

Ante iso requirimos, como vostede sabe, información á Consellería de Facenda (Axencia Tributaria Galega) que xa nola remitiu. No informe achegado pola Administración sinálase o seguinte:

"...A interesada preguntaba sobre o prazo para pedir a prórroga de presentación do Imposto sobre Sucesións regulada no artigo 68 do Real decreto 1629/1991, do 8 de novembro, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre Sucesións e Doazóns. No devandito precepto establécese textualmente que "A solicitude de prórroga presentárase

polos herdeiros, albaceas ou administradores do caudal relicto dentro dos cinco primeiros meses do prazo de presentación...”. No caso da interesada, este prazo de 5 meses xa transcorrera e ademais, segundo o apartado 6º da disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, o prazo de presentación de autoliquidacións non estaba suspendido. En consecuencia, a interpretación da funcionaria á pregunta da interesada baseouse nunha interpretación literal da norma perfectamente válida como criterio interpretativo. Por tanto, hai que sinalar que, aínda que se poida discrepar do criterio utilizado, esta interpretación é defendible xuridicamente, polo que non podemos estar de acordo cos terminos utilizados pola interesada no escrito de queixa aludindo a “...falta de empatía e de procura de solucións indiscutible. Non somos robots, por favor. Ante mi estupor e indignación ...”

..... Sen prexuízo do anterior, as especiais circunstancias que se están vivindo aconsellan realizar unha interpretación da norma que prime outros criterios fronte ao literal, como a realidade social ou a interpretación sistemática e conxunta con outras normas e especialmente o sentido e finalidade, criterio que debe prevalecer como sinala o propio Código Civil. Así o TS en sentenza de 15/3/1983 sinalou que “... a interpretación... debe ser obtida..., non só da letra estrita do texto legal, senón tendo en conta o seu sentido lóxico... e a súa ponderación sistemática... en forma tal que permita, usándose polo xulgador dunha adecuada e xusta flexibilidade de criterio, acomodarse ás circunstancias do caso.”

..... Para estes efectos hai que sinalar que a disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 referida á suspensión dos prazos administrativos foi modificada para que non fose de aplicación aos procedementos tributarios sinalando expresamente que non afectará, en particular, aos prazos para a presentación de declaracións e autoliquidacións tributarias. Por tanto, o prazo de 6 meses para a presentación das autoliquidacións do imposto sobre sucesións (dentro do cal está o prazo para pedir a prórroga) non está suspendido como sinala a interesada.

..... Como consecuencia de que os prazos de autoliquidacións non están suspendidos pola normativa estatal, a Xunta de Galicia ampliou os prazos de presentación de autoliquidacións para o imposto sobre sucesións ata o 30 de xuño de 2020 pola Orde da Consellería de Facenda do 27 de marzo. A razón da devandita ampliación é fundamentalmente a realidade social derivada dun estado de alarma que limita a liberdade de movementos e que pode afectar de maneira especial a aqueles impostos como o de sucesións que require do contribuínte achegar numerosa documentación.

..... Debido aos prazos manexados, no día de hoxe, persoal da Atriga púxose en contacto coa interesada para comunicarlle a posibilidade de solicitar a prórroga e facilitarlle información para poder realizar dita solicitude.

CONCLUSIÓN

Tras a investigación realizada, na que se avaliou o contido da súa queixa e o exposto no informe do citado organismo, concluese que ponderando todas as circunstancias concorrentes, mais alá do establecido normativamente, a Administración púxose en contacto coa interesada para comunicarlle a posibilidade de solicitar a prórroga e facilitarlle información para poder realizar dita solicitude.

Postos en contacto telefónico con a promotora da queixa, confirmámonos que efectivamente foi chamada desde ATRIGA, que xa solicitou dita prórroga e que a atención recibida foi moi correcta.

Por todo o anterior, resolvo dar por **concluído** este expediente ao considerar que a intervención desta institución, requirindo información sobre os feitos, orixinou que a administración afectada revisara a situación, comprobara o problema que motivou a súa queixa e adoptara as medidas adecuadas para resolvelo. Non obstante, si pasado un tempo prudencial, e tendo en conta a situación actual por motivo do estado de alarma, non se realizaran as obras previstas pode volver a acudir a esta Institución.

Ademais, lle comunicamos que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega. Neste sentido, no informe anual ao Parlamento de Galicia darase conta das queixas que foron solucionadas ou resoltas positivamente no curso das actuacións desta institución.

Agradézolle a súa confianza nesta institución e *saúdoa* atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo